

Espazos para a interculturalidade

Mª Dolores Sanz Lobo, María Gómez Paz, Mª Antonia Callón Cameán, Mª Inés Barreiro Noya
IES Antonio Fraguas Fraguas Santiago

ETAPA EDUCATIVA: ESO

ÁREAS: música, educación plástica, lenguas, CCSS, tutoría e orientación

PARTICIPANIES: alumnado, profesorado, outros membros da comunidade educativa e outras entidades do barrio

BREVE DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA

Onoso instituto, probablemente coma calquera outro, é unha realidade multicultural se sabemos mirar dentro dela, por iso, o noso obxectivo prioritario foi a detección e *visibilización* das diferentes realidades culturais, para que os seus membros, ainda que partícipes de comunidades minoritarias, puidesen atopar na institución escolar referentes propios, cando menos nalgunhas actividades e eventos e, cando fose posible, no currículo das materias.

Dous foron os eixes que guiaron o noso traballo e que serviron como marco de reflexión e intervención sobre a institución escolar: a convivencia e a educación intercultural, abordados ambos os dous dende varias áreas de coñecemento dunha forma interdisciplinar.

Aisto temos que engadir o feito de participar no programa PROA (Programa de apoio a centros de secundaria en zonas de atención preferente) e ter constituído o seminario permanente “Mestura Cultura”, centrados tamén no tema transversal da convivencia e a educación para a paz.

É preciso salientar como parte da nosa *filosofía de traballo* a utilización do maior número de espazos posibles. Non é esta unha utilización gratuita, xa que parte do convencemento de que non existe un único espazo de acción educativa, onde levar a cabo as actividades de aprendizaxe, senón que debe ser todo o noso contexto social e os axentes nel inmersos os que nos permitan interactuar para convertérmonos en pequenas *comunidades de aprendizaxe*, onde todo o mundo ten algo que achegar e tamén algo que aprender. É por todo iso que

algúns dos espazos utilizados para o desenvolvemento do noso proxecto foron os seguintes: patio, corredores, aulas, vestíbulo, sala de usos múltiples, centro sociocultural do barrio...

Abordamos, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Traballar dun xeito preventivo co fin de evitar condutas inadecuadas.
- Preparar o alumnado para vivir nunha sociedade que se caracteriza, cada vez máis, por unha gran diversidade cultural.
- Fomentar actitudes que reforcen a compresión e a solidariedade entre a cidadanía.
- Promover a aprendizaxe cooperativa.
- Espertar na comunidade escolar o interese polo coñecemento e respecto doutras culturas.



O proxecto quedou finalmente conformado coas actividades que pasamos a describir brevemente.

Actividades de tutoría

Através dun sinxelo e breve programa, pretendemos motivar e crear reflexión arredor da diversidade e, ao mesmo tempo, aprender a respectar as opinións e puntos de vista diferentes aos nosos, desterrando prexuízos e tópicos. Desenvolveuse ao longo de varias sesións (3-4) durante o primeiro trimestre. O punto de partida foi aprender a traballar coa idea da diferenza e da diversidade, porque a realidade ten moitas caras e existen “distintas miradas” para vela.

En canto a contidos, ademais de tratar de desenvolver actitudes e traballar valores, non esquecemos a importancia que teñen

¿Son iguais os dous círculos vermellos?



¿Un esquimó ou a cara dun indio?



tamén os contidos conceptuais e procedementais. Por iso, resultou necesario familiarizarse dende o primeiro día co manexo do léxico e conceptos axeitados como igualdade, intercultural, multicultural, tolerancia... apoíándose en actividades de busca da información no dicionario, na rede e en traballo de discusión en grupo para elaborar definicións dos conceptos.

As sesións desenvolvidas foron:

FALANDO DAS IMAXES

(extraídas da internet). Por medio dunha presentación multimedia proxectamos imaxes do estilo das que presentamos nesta páxina.

De forma individual, cada quien pensaba sobre o que vía e apuntábaoo. Fíxose unha posta en común para chegar á conclusión de que existen miradas diferentes, segundo a nosa percepción, o noso estado de ánimo, a nosa forma de entender o mundo, a nosa cultura,...

TRABALLANDO A TOLERANCIA

Elaboramos un cuestionario individual sobre a tolerancia que recollía información de tres ámbitos diferentes: actitudes no *insti*, na casa e en xeral. A autoavalación permitiu que cada alumno ou alumna soubese se era ou non tolerante. Nas diversas clases en que se aplicou, os resultados foron moi similares: con presenza de alumnado moi tolerante (minoría) e nada tolerante (minoría tamén). En xeral, constatamos a necesidade de desenvolver programas para traballar a empatía.

ELABORACIÓN DUN GLOSARIO

Cos procedementos explicados antes elaborouse un glosario de termos.

Mesa redonda.

“Mulleres: educación e culturas”

Esta actividade tivo como principal obxectivo o recoñecemento do importante papel das mulleres na educación e na(s) cultura(s).

Outros obxectivos destacados foron:

1. Darles voz para expresar e compartir a súa identidade cultural e persoal.
2. Propiciar unha situación de encontro e coñecemento das mulleres da comunidade.
3. Dar a oportunidade de participación á comunidade educativa do IES, especialmente ás familias.
4. Empregar as novas tecnoloxías (TIC) –neste caso videoconferencia– e recoñecer a grande axuda que supoñen e a importante canle de comunicación que abren.

Tivemos claro que non queríamos expertas nin famosas, senón persoas de “a pé” que puidesen contar a súa experiencia e que estivesen relacionadas co instituto. As participantes foron familiares do noso alumnado (unha muller uruguaiña e dúas mozas xitanas) e unha antiga alumna (unha rapaza de pai sirio, que estivo con nós a través de videoconferencia, o cal foi un reto que, a pesar dos “ciberatrancos”, resultou moi enriquecedor a nivel profesional e persoal).

A actividade foi organizada polo Departamento de Orientación e o Seminario Permanente “Mestura Cultura”. Colaboraron a ANPAe a Fundación Secretariado Xitano. Estivo dirixida a toda a comunidade educativa e outras persoas interesadas en asistir.

Os temas tratados na mesa foron:

- Os novos tempos necesitan de novas actitudes onde o entendemento entre as persoas parta do coñecemento e o recoñecemento das diferenzas.
- Importancia do acceso da muller á educación: beneficios persoais e comunitarios.
- Dificultades atopadas: relacionadas coa propia escola e cos impedimentos culturais: medo á mestizaxe
- Papel e posible resposta da escola: ¿Que función debe cumplir a escola para facer más efectiva a escolaridade de colectividades excluídas?
- Dificultades sociais ao cambiar de país: emigración/immigración. Problemas atopados: xenofobia.

O fundamental da nosa actividade era ceder todo o protagonismo ás voces das participantes, pero tamén sentimos a necesidade de transmitir as reflexións ás cales nós, como grupo, chegamos logo de ter participado neste foro.

- Asuperación do noso propio etnocentrismo cultural vai ser a que